

Tomé de Aquino

Texto 1

En canto a que a verdade da razón non é contraria á verdade da fe cristiá.

Malia que a citada **verdade da fe cristiá exceda a capacidade da razón humana**, aínda así, aquelas que son inspiradas pola razón dexeito natural, **non poden ser contrarias a esta verdade**.

Pois o que é innato á razón por natureza é evidente que é extremadamente veraz, ata tal punto que non é posible pensar que sexa falso. E tampouco é lícito crer que é falso o que se ten a partir da fe, logo de ser confirmado de maneira tan evidente por Deus. Así pois, xa que só o falso é contrario ao verdadeiro, como se demostra claramente ao examinar as súas definicións, é imposible que a citada verdade da fe sexa contraria a estes principios que a razón coñece por natureza.

Así mesmo, o que é infundido polo docente na alma do discípulo contén o saber do mestre, a non ser que ensine de xeito ficticio, o que non é lícito dicir de Deus. E o coñecemento dos principios que nos son **coñecidos por natureza** foi inspirado en nós por Deus, xa que el mesmo é o autor da nosa natureza. E tamén a divina sabedoría contén estes principios. E así, todo o que é contrario a estes principios, vai en contra da divina sabedoría. Pois ben, isto non é posible de Deus. Logo, o que se obtén da revelación divina mediante a fe non pode ser contrario ao coñecemento natural.

TOMÉ DE AQUINO; Suma contra os xentís.

Contexto:

- Xurdimento da relixión cristiá e a súa evolución no Imperio Romano, a lo menos ate a época de San Tomé ¿que ocorre nesa época?
- Problemas de comprensión do cristianismo por parte da mentalidade da época e o enfrontamento coa filosofía greco-romana (fundamentalmente escolas helenísticas) e a relixión xudía.
- A Escolástica: como xurde e que a caracteriza. Situar e caracterizar a filosofía de Tomé no seno da Escolástica.
- Averroísmo.

Tema:

- Os catro momentos do desenvolvemento de problema e situar a san Tomé no seu.
- Explicación da súa postura (con referencias ao texto): Mutua colaboración e como se realiza.
- sentido das vías dende a distinción esencia / existencia.

Relacións:

- Coa filosofía greco romana (xa exposta no contexto).
- Aristóteles a través de Averroes.
- Outros autores que trataron a mesma problemática.